

# **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

## **IES Pedro Floriani**

**(Redondela)**

### **PROXECTO DO CURSO 2022-2023**

<b>EQUIPO</b>	<b>1</b>
<b>ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO</b>	<b>1</b>
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>2</b>
A. Obxectivos específicos para a contorna	2
B. Obxectivos específicos para o alumnado	3
C. Obxectivos específicos para o profesorado	3
D. Obxectivos específicos para o centro	3
<b>ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO EDLG</b>	<b>4</b>
<b>TODOS O CURSO</b>	<b>4</b>
1º TRIMESTRE	5
2º TRIMESTRE	6
3º TRIMESTRE	6
OUTRAS PROPOSTAS	7

## EQUIPO

A composición do Equipo de Dinamización Lingüística do IES Pedro Floriani é a seguinte:

*\*Esta listaxe é provisional. A xuntanza co alumnado aínda non se celebrou.*

### **Profesorado:**

Cid Felpeto, Guillermo (Dep. de Lingua galega e literatura)

Expósito Loureiro, Andrea (Coordinadora)

Jablonski García, Paulo (Dep. de Xeografía e Historia)

Ligero Valladares, Rosa María (Vicedirección / Dep. de Lingua galega e literatura)

Patiño Pérez, Santiago (Dep. de Lingua galega e literatura)

### **Alumnado:**

Covelo Vidal, Samuel (1º de bacharelato)

Crespo Martínez, Adrián (1º de bacharelato)

Fontán Rodríguez, Natalia (1º de bacharelato)

Iñarrea Vázquez, Promethea (3º da ESO)

Márquez González, María (1º de bacharelato)

## ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O IES Pedro Floriani está situado no centro da vila de Redondela, na Rúa Pedro Floriani, moi próximo a outros dous institutos de ensino secundario: o IES Mendiño e o IES Illa de San Simón.

A vila de Redondela conta con preto de 30.000 habitantes. Linda cos concellos de Mos, Soutomaior, Pazos de Borbén e Vigo. A súa proximidade con este último é unha das causas que explican que preto do 50% da súa actividade económica pertenza ao sector secundario (en especial, industria conserveira, conxelados e téxtil). Cómpre destacar tamén a importancia da pesca no municipio, principalmente, a pesca de baixura e o marisqueo.

O centro conta con 53 profesores e profesoras que imparten docencia en Ciclos Formativos (de grao medio e superior), en Bacharelato, en ESO, en Formación Profesional Básica e no Ensino de Persoas Adultas.

A meirande parte do profesorado ten como lingua materna o castelán, mais a maioría posúe capacidade suficiente para impartir as súas materias en lingua galega e para empregala no día a día do centro.

No caso do alumnado do centro, a lingua empregada maioritariamente polos rapaces e rapazas é o castelán, a pesar de que boa parte deles/as viven nun ambiente familiar no que a lingua galega está presente.

Á hora de argumentar por que non falan galego, o alumnado sinala varias causas: a principal, que non é a lingua maioritaria entre a mocidade, os seus iguais, o que expresan do seguinte xeito: “ninguén o fala”, “os compañeiros falan castelán” ou “pola presión de grupo”. Amais, outra das causas máis respetadas foi a falta de hábito (“non teño costume”, “síntome máis comoda falando castelán”...).

Con todo, por norma xeral, as actitudes lingüísticas cara ao noso idioma son positivas e favorables, especialmente, nos cursos superiores.

No IES Pedro Floriani a presenza e uso da lingua galega podería valorarse, en liñas xerais, de modo positivo. O galego é a lingua vehicular no desenvolvemento da vida do claustro do centro, así como tamén dos trámites oficiais. A documentación oficial interna e externa do centro redáctase en galego, e o claustros, como a meirande parte das reunións dos equipos de traballo (Consello Escolar, Comisión Pedagóxica etc.), tamén se desenvolven maioritariamente en lingua galega.

Así mesmo, o galego está moi presente nas actividades culturais e complementarias do IES. Con todo, na biblioteca predominan os exemplares en castelán e a presenza do galego nos fondos de material audiovisual é practicamente anecdótica, mais estanse facendo melloras para ampliar o número e a calidade dos libros escritos en galego.

No uso das TIC o castelán segue a ser a lingua maioritaria.

## **OBXECTIVOS**

Tendo en conta o contexto sociolingüístico do instituto, preséntanse a continuación unha serie de propostas de actividades e accións que teñen como fin último fomentar o uso do galego entre o noso alumnado.

### **A. Obxectivos específicos para a contorna**

1. Promover a participación das familias para crear nos fogares un ambiente favorable ao uso da lingua galega. Para isto, cómpre eliminar usos diglósicos e eliminar prexuízos no contexto familiar.
2. Poñer en marcha unha rede estreita de colaboración cos EDLG dos tres institutos do centro da vila, mesmo cos centros de ensinanzas inferiores. Tamén, sempre e cando sexa posible, cos equipos doutros centros de Galicia.
3. Colaborar con asociacións e organizacións sociais e culturais que fomenten e protexan o patrimonio lingüístico e cultural do entorno do centro e do resto de Galicia.
4. Estreitar a relación co Servizo de Normalización Lingüística de Redondela, e co Concello en xeral, para realizar e/ou colaborar en actividades de promoción da lingua e da cultura galega.

## **B. Obxectivos específicos para o alumnado**

1. Lograr unha maior implicación do alumnado nas actividades organizadas polo EDLG. Para conseguilo, tratarase de centrar as actividades realizadas nos seus intereses e ampliar así a rede de apoio e uso da lingua dentro e fóra do centro educativo.
2. Achegar o alumnado ao galego a través das manifestacións culturais que lles resultan máis atractivas.
3. Concienciar o alumnado de que o coñecemento e uso de linguas é un sinal de enriquecemento persoal e social, que abre multitude de portas.
4. Crear actividades que axuden a asociar a lingua galega coas novas tecnoloxías, a ciencia, a cultura e a vida moderna en xeral.

## **C. Obxectivos específicos para o profesorado**

1. Fomentar o uso da lingua galega entre o profesorado, dentro e fóra das aulas.
2. Mellorar a competencia lingüística en galego do equipo docente e colaborar con el para solucionar as súas dúbidas.
3. Proporcionar ferramentas e recursos para traballar en galego nas súas respectivas materias.
4. Colaborar cos diversos departamentos didácticos do centro en actividades e campañas orientadas a fomentar o uso da lingua galega.

## **D. Obxectivos específicos para o centro**

1. Eliminar os prexuízos existentes arredor do galego, para superar a resistencia de parte do alumnado e do profesorado a empregalo.
2. Utilizar a lingua galega para toda a comunicación (oral e escrita) do centro: anuncios, carteis, documentación interna, comunicacións externas (coas familias), páxina web, etc.
3. Pór de relevo as manifestacións culturais propias da zona: o Entroido, os maios, a Coca.
4. Ampliar e mellorar a oferta bibliográfica existente en galego para todas as materias.
5. Visibilizar o labor do EDLG a través das redes sociais, en especial, daquelas máis empregadas polo alumnado (Instagram).

## ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO EDLG

A seguir, presentarase as actividades deseñadas para este curso 2022/2023 e sinálanse tamén os obxectivos que se pretenden acadar coa súa realización. Coas actividades proxectadas para este curso preténdese retomar a actividade normal do EDLG previa á pandemia da covid-19.

### TODO O CURSO

#### 1. Difusión das actividades organizadas polo EDLG do centro

Impulsarase a difusión das actividades realizadas polo EDLG e e doutras novas culturais de interese a través das redes sociais, en especial, de Instagram, a máis empregada polo alumnado.

O obxectivo é que as alumnas e alumnos do equipo se fagan cargo da súa xestión e que propoñan boa parte dos contidos, que subirían periodicamente. Os contidos poderán ser: recomendacións lectoras, comentarios de películas ou series que lles interesen, difusión musical (grupos galegos, traducións de cancións de moda...), calendario de actividades culturais do entorno, etc. Por suposto, os contidos estarán en lingua galega e serán axeitados á súa idade.

De modo complementario, empregarase o blog [normalizacionfloriani.blogspot.com](http://normalizacionfloriani.blogspot.com) para publicar calquera actividade realizada polo EDLG ou noticias de interese.

*Obxectivos: A1, B1, B3, B4, D5*

#### 2. Asesoramento

Proporcionaráselle ao profesorado que o solicite asesoramento lingüístico para levar a cabo o seu labor docente en galego ou para aumentar a presenza desta lingua nas súas aulas. Tamén se fornecerá aos profesores e profesoras de recursos interesantes e atractivos que se vaian publicando en galego para as súas materias: dicionarios, glosarios, material didáctico...

No caso dos fondos bibliográficos, colaborarase co equipo de Biblioteca para ampliar e renovar o catálogo de obras en galego, non só literarias, senón tamén ensaios, divulgativas etc.

Igualmente, revisarase que todas as comunicacións e documentos oficiais públicos que se xeren no centro cumpran coa normativa lingüística vixente.

*Obxectivos: C1, C2, C3, C4, D2, D4*

#### 3. Xuntanzas coas coordinadoras doutros EDLG

Ao longo do curso, organizaranse reunións coas persoas responsables doutros EDLG, como o do IES Cabo Ortegal de Cariño ou o IES Illa de San Simón co fin de organizar e deseñar diversas actividades.

*Obxectivos: A2, B1, B3*

## **1º TRIMESTRE**

### **4. Enquisa sociolingüística**

Este ano actualizaranse os datos sobre o uso do galego entre o noso alumnado e profesorado, para organizar actividades apropiadas para a situación lingüística do noso centro.

*Obxectivos: B1, C1*

### **5. Samaín**

Xunto coa Biblioteca, o Departamento de Música e a Vicedirección do centro organizaranse as seguintes actividades para celebrar o Samaín e a chegada do outono.

- Proxección de vídeos de medo elaborados polo alumnado da materia de Música.
- Roteiro nocturno pola vila de Redondela. Actividade para toda a comunidade educativa.
- Concurso de sobremesas de outono. O alumnado, o profesorado e os membros PAS do centro poderán presentar a concurso unha sobremesa elaborada con produtos propios da estación que será xulgada para optar ao premio de 4 categorías distintas.

*Obxectivos: B1, B2, C4, D3, D5*

### **6. Novembro: mes da ciencia en galego**

O mes de novembro dedicarase no centro a conmemorar o XX aniversario do afundimento do petroleiro Prestige e a consecuente marea negra que se produciu. Para iso, en colaboración con outros departamentos didácticos (Lingua galega, Educación plástica...), a Biblioteca e a Vicedirección do centro organizaranse diversas actividades. Entre elas están:

- Creación dun documental sobre a repercusión da marea negra en Redondela.
- Acto conmemorativo no multiúsos da vila, coa presenza de xentes do mar.
- Cadea humana estudantil.

Ademais, prevese realizar algunha charla que visibilice as ciencias humanísticas, en detrimento nos últimos anos, tanto no noso centro como na sociedade en xeral.

*Obxectivos: A1, A3, B1, B3, B4, C4, D5*

### **7. *Nevermore*. Obra de teatro en Santiago de Compostela**

Solicítouse a asistencia á representación teatral de *Nevermore* para o alumnado de 1º de bacharelato.

*Obxectivos: B2, B3*

### **8. Nadal - Recomendacións culturais**

Durante os días previos ás vacacións de Nadal, publicaranse no Instagram do EDLG recomendacións de lecturas e outras páxinas culturais e de entretemento en galego.

*Obxectivos: B1, B2, B4, D5*

## 2º TRIMESTRE

### 9. Entroido. A semana do Meco

Tal e como se fixo nos últimos cursos, durante a semana previa ao Entroido, de luns a venres, animarase ao alumnado e ao profesorado a seguir as normas do Meco.

*Obxectivos: B1, D3*

### 10. Semana dos falantes

Xunto co EDLG dos IES Mendiño e Illa de San Simón levaremos a cabo unha actividade para promover o uso da lingua galega entre o noso alumnado. Entre os días 23 de febreiro (Día de Rosalía) e o 3 de marzo animaremos o alumnado a falar as 24 horas do día en lingua galega e a compartir a súa experiencia a través de vídeos e/ou audios.

Esta actividade irá acompañada de charlas, obradoiros etc. que servirán para conmemorar o Día da Lingua Materna e o Día de Rosalía, alén de visibilizar a importancia das persoas neofalantes para o galego.

*Obxectivos: A1, A2, A4, B1, B2, B3, C1, C4, D1*

### 11. A parábola do angazo. Obra teatral

Solicitouse a asistencia á obra *A parábola do angazo* en Santiago de Compostela. A actividade estará destinada a 3º da ESO.

*Obxectivos: B2, B3*

### 12. 8 de marzo

En colaboración coa Biblioteca e a Vicedirección do centro, organizaranse diversas actividades co obxectivo de concienciar sobre as desigualdades de xénero e de dar a coñecer mulleres relevantes de Redondela.

*Obxectivos: A3, B1, B3, C4*

### 13. Día da poesía

Con motivo do Día da Poesía, organizaranse charlas e/ou obradoiros con algún/ha poeta en lingua galega. Estas actividades compartiranse co equipo da Biblioteca.

*Obxectivos: B1, B2, B3, C4*

## 3º TRIMESTRE

### 14. Os maios

Elaborarase un maio e coplas coa colaboración do alumnado que participa na festividade da vila de Redondela coas súas organizacións veciñais e culturais. O resultado presentarase ante o centro, e estudarase a posibilidade de participar no concurso dos maios organizado polo Concello o día 1 de maio.

*Obxectivos: A1, A3, B1, D3*

## **15. Semana das Letras Galegas**

Na semana do 15 ao 19 de maio levaranse a cabo diversas actividades no centro (sen concretar aínda) co obxectivo de dar a coñecer a figura da persoa homenaxeada o vindeiro ano e de promover o coñecemento e uso da lingua galega. A idea é celebrar unha actividade por xornada lectiva.

*Obxectivos: A2, A3, A4, B1, B2, B3, B4, C4, D1, D5*

## **16. III Edición do Certame literario e fotográfico intercentros Exeria**

Volverase convocar o certame literario Exeria no que participarán o IES Cabo Ortegale de Cariño, o IES Mendiño e o IES Pedro Floriani de Redondela. O certame combinará o microrrelato e a fotografía seguindo as tendencias actuais nas redes sociais que o alumnado emprega, como Instagram. A temática deste ano está aínda por determinar.

Poderá participar todo o alumnado, desde 1º da ESO ao ensino de persoas adultas e FP superior, dividido en 3 categorías. O concurso terá 2 fases: unha primeira interna, en cada un dos centros, na que se escollerán os traballos finalistas, e unha segunda, intercentros, nas que se escollerán os gañadores. O xurado estará composto por membros do profesorado dos centros. Os traballos finalistas publicaranse na páxina de Instagram do EDLG e no Facebook do instituto.

A finais de curso, organizarase unha xornada de convivencia entre o alumnado finalista dos centros participantes.

*Obxectivos: A1, A3, B2, D5*

## **17. Difusión da Festa da Coca**

O EDLG contactará con redondeláns/ás implicados/as na celebración da tradicional Festa da Coca da vila (mozos das espadas, creadoras de alfombras, penlas...) para que compartan co alumnado o seu coñecemento e a súa experiencia participando nesta popular festividade.

*Obxectivos: A1, A2, A4, B1, D3*

## **OUTRAS PROPOSTAS**

A estas propostas sumaráselle calquera outra actividade que vaia xurdindo ao longo do curso e que poidamos custeala. Estas actividades poderán ser outros certames (literarios, audiovisuais...) que sexan de interese para o fomento e uso da lingua galega; charlas divulgativas e actividades organizadas polo SNL do Redondela e polo propio Concello que axuden a promover o uso do galego e da cultura de seu na vila.

Redondela, 10 de outubro de 2022

Andrea Expósito Loureiro

Coordinadora do EDLG